



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE UN PEÓN MEDIOAMBIENTAL, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, ENTRE PERSOAS DESEMPREGADAS PERCEPTORAS DA RISGA CON CARGO A UNHA SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Na Biblioteca Municipal de Ponteceso, sendo as 10 horas do día 26 de agosto de 2021, réunese o Tribunal cualificador do proceso selectivo para a contratación dun peón medioambiental en réxime laboral temporal, entre persoas desempregadas perceptoras da RISGA con cargo a unha subvención da Consellería de Emprego e Igualdade.

A Orde da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia do 12 de abril de 2021 establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (DOG núm. 78 do 27 de abril de 2021) e tendo en conta a resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade do 19 de xullo de 2021 pola que se concede a este concello unha subvención por importe de 10.309,14 euros para a contratación de un (1) peón/peoa mediambiental, durante un período de 9 meses ao 75% da xornada (30 horas), na modalidade de obra ou servizo determinado de interese social, a seleccionar entre persoas que teñan a condición de desempregadas de moi difícil inserción social e/ou en risco de exclusión social, beneficiarias da renda de integración social de Galicia (Risga). Mediante informe de Alcaldía do 18-08-2021 xustifícase a necesidade deste Concello da dita contratación.

Presentada o oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo e remitida a este concello a preselección de candidatos solicitada.

A resolución de Alcaldía núm. 530/2021 do 19-08-2021 aproba a convocatoria e as bases do proceso selectivo para a contratación de un peón medioambiental entre persoas desempregadas e perceptoras da RISGA, as cales no seu punto quinto establecen un prazo de dous días hábiles para a presentación de solicitudes de participación.

Presentadas as solicitudes de participación polos candidatos preseleccionados pola Oficina de Emprego de Carballo, a alcaldía ditou a resolución núm. 541/2021 na data de 24-08-2021 pola que se aproba a relación provisional de solicitantes admitidos e excluídos e nomeábase aos membros do tribunal que xulgará o proceso selectivo, ao non presentarse reclamacións, elevouse a definitiva a mesma, estando admitidos os seguintes solicitantes:

APELIDOS E NOME	DNI
AÑON REY SUSANA	***1405**
TORRES PAZ MANUEL	***2854**

Comparecen os seguintes membros do tribunal:

PRESIDENTA: Lucía Mata Rodríguez, interventora do Concello de Ponteceso



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

SECRETARIO: Fernando Naya Abeleira, funcionario, administrativo do Concello de Ponteceso

VOGAIS:

Primeiro: Benigno Lubián Dubra, director da oficina de emprego de Carballo, en representación da Consellería de Emprego e Igualdade

Segundo: Cristina Rodríguez Rey. Técnica do Equipo de Inclusión Sociolaboral de Carballo

Terceiro: Emilio Caínzos Quintás, funcionario, técnico superior da Administración Xeral

A Presidenta declara constituído o tribunal.

Sendo as 10.07 h. Procédese ao chamamento dos candidatos e comparecen:

APELIDOS E NOME	DNI	Presentados
AÑÓN REY SUSANA	***1405**	Sí
TORRES PAZ MANUEL	***2854**	Non

Procédese á realización da fase oposición, segundo a base 7.1, que consistirá nunha o varias probas prácticas que versarán sobre aspectos fundamentais do posto de peón medioambiental, que poida medir o coñecemento e manexo das ferramentas en relación coas funcións a desenvolver, as técnicas de uso de material ou maquinaria que terán que empregar no seu traballo, así como os equipos de protección individuais (EPIS) a empregar no traballo cotiá.

Comparece o asesor do Tribunal a Dº Manuel Javier Vidal Varela, oficial de 1ª do Concello de Ponteceso, nomeado na resolución 541/2021 na data de 24-08-2021, o cal propón a realización das seguintes probas que compoñen a fase oposición:

O asesor do tribunal propón a realización das seguintes probas:

1ª.- Apertura dun pupitre, e escoller os produtos de limpeza adecuados para a realización do traballo, así como os medios de protección individual (EPIS).

Realizada a mesma, obsérvase que a aspirante realizou unha execución correcta, se ben non emprega os guantes de protección, e que non utilizou un produto específico para a limpeza de manchas de tinta. Polo que por istas observacións se lle penaliza con tres puntos, outorgando 7 puntos neste exercicio.

2ª.- Consiste no arranque e manexo dunha desbrozadora, empregando os correspondents EPIS.

Realizada a mesma, obsérvase que a execución foi correcta, se ben non empregou as gafas de protección e os guantes. Polo que por istas observacións, ao considerer que os EPIS son fundamentais para a protección do traballador e evitar accidentes de traballo, se lle penaliza con catro puntos, outorgando así 6 puntos neste exercicio.

O tribunal despois da súa realización outorga as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	DNI	Puntuacións
-----------------	-----	-------------

(Handwritten signatures and scribbles in blue ink covering the table and extending into the margin)



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

AÑON REY SUSANA	***1405**	13 PUNTOS.
------------------------	------------------	-------------------

Polo que consonte ás bases da convocatoria o tribunal declara aprobada á aspirante que acadou a maior puntuación, e eleva a proposta de contratación laboral temporal, peón medioambiental, 75% de xornada laboral e coas retribucións que figuran na concocatoria a favor de:

AÑON REY SUSANA	***1405**	13 PUNTOS.
------------------------	------------------	-------------------

Sendo as 10.35 horas do día 26 de agosto de 2021 a presidencia remata a reunión, redactándose a presente acta que asinan todos os membros:

Ponteceso, 26 de agosto de 2021.

A presidenta

Os/as vogais:

O secretario

O asesor do tribunal:

